

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria axudas ao estudo curso 2024/2025

EXPEDIENTE: 2025/A002/000003

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000317

Vista a proposta asinada dixitalmente que consta no expediente có seguinte contido:

PROPOSTA para DECRETO DA ALCALDÍA **Expediente Tedec: 2025/A002/000003**

ASUNTO: Convocatoria ás membros da comisión de valoración nomeados no punto VII.2 das bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes do curso 2024/2025 para a emisión da proposta de resolución que motive o outorgamento ou a denegación de ditas axudas a cada unha das persoas interesadas.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o 10 de abril de 2025, en uso das atribucións delegadas mediante o decreto 355/2023, do 26 de xuño, aprobou as bases polas que se regula a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para o estudo aos/ás estudantes matriculados/as durante o curso académico 2024- 2025 e empadroados/as no municipio así como a autorización do gasto por un importe máximo de 13.000€


Tendo en conta que no BOP nº 73, do 16 de abril de 2025, se publicaron as bases reguladoras das axudas e que no BOP nº 87, do 9 de maio de 2025 se publicou o seu extracto BDNS(Identif.): 830619.

Logo de que por parte do departamento de Educación do Concello se instrúise o expediente, se revisasen as solicitudes e de que, de ser o caso, se completasen coa documentación precisa, emitíuse con data do 1 de xullo de 2025 un informe coa valoración preliminar asinada pola técnica de Educación para remitila á comisión de valoración para o seu estudo e para a emisión da súa proposta de resolución.

Coa finalidade de darlle continuidade ao expediente, considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía lle outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes.

PROPOÑO

PRIMEIRO.- Convocar ás membros da comisión de valoración nomeados no punto VII.2 das bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

estudantes para o curso 2024/2025 (concelleira responsable da área de Educación, técnica de Educación Dona Beatriz Cabanas Lozano, auxiliar administrativa de Rexistro Maria Carmen Rodriguez Rodriguez e funcionario ou funcionaria nomeada por Decreto de Alcaldía) para unha reunión que se realizará o **9 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, na Sala de Xuntas** da Casa do Concello de Carral, para o estudo da valoración preliminar das solicitudes efectuada polo Departamento de Educación do Concello e para a emisión da súa proposta de resolución.

SEGUNDO.- Nomear como Concelleira responsable de Educación nesta comisión de valoración a Dona Nerea Álvarez Pérez e a Funcionaria Dona Rebeca Vázquez Vázquez

TERCEIRO.- Dar conta deste decreto ao pleno na seguinte sesión plenaria.


Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

Á vista do devandito informe proposta asinado pola Técnica en educación (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente coas modificacións de membros que se indican **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar ás membros da comisión de valoración nomeados no punto VII.2 das bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2024/2025 (concelleira responsable da área de Educación, técnica de Educación Dona Beatriz Cabanas Lozano, auxiliar administrativa de Secretaria Erica Mosquera Gende e funcionario ou funcionaria nomeada por Decreto de Alcaldía) para unha reunión que se realizará o 9 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Carral, para o estudo da valoración preliminar das solicitudes efectuada polo Departamento de Educación do Concello e para a emisión da súa proposta de resolución, solicitando informe á funcionaria de Rexistro María do Carmen Rodríguez Rodríguez sobre as solicitudes presentadas en tempo e forma .

SEGUNDO.- Nomear como Concelleira responsable de Educación nesta comisión de valoración a Dona Nerea Álvarez Pérez e a Funcionaria Dona Rebeca Vázquez Vázquez .

TERCEIRO.- Dar conta deste decreto ao pleno na seguinte sesión plenaria.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez